

DIARIO: Andrés Esteban (Grupo 1 CGAB)

18/03/16

“Despois da viaxe, e unha vez situados nas nosas habitacións, comezou a aventura e con ela as presentacións cos meus compañeiros de habitación, de Madrid e Extremadura, cos cales establecín unha moi boa relación desde o principio.

Compartimos o xantar coa Selección Galega e dedicamos a tarde a coñecer o pobo e os pavillóns nos cales arbitrariamos ao día seguinte.

Xa na faceta de traballo, participamos nunha interesante charla técnica na que repasamos fundamentos, criterio do torneo e normativa Mini. Arrincamos!”

19/03/16

“Iniciamos a xornada cun partido madrugador, ás 9:30 h, e ocupando o papel pouco coñecido do “stand by”, no cal temos que estar listos para substituír a algún compañeiro si se produce algún contratempo ou lesión. Nesta faceta, axudamos aos oficiais de mesa a controlar os quintetos ou a defensa ilegal no caso de que existise.

Xa ás 12.30 h entramos en vestiario para un novo partido, neste caso marcado para as 13.30 h. Grazas a un bo e traballado “Prepartido”, compartido co colexiado canario, diriximos un encontro sen ningún problema.

Fóra xa das pista, a xornada 2 non rematou. Nun campionato toca tamén descansar, ver partidos alleos e reunirse cos técnicos para pulir detalles que poidan afectar ao resto do Campionato. Non esquecemos tampouco o traballo individual, indispensable.”

20/03/16

“A miña designación para esta 3º xornada estivo marcada para as 15:30 h. Tras dedicar a mañá a convivencia nas pistas con outros compañeiros, e grazas a un xantar lixeiro, completei un bo encontro, conseguindo matizar e evitar os posibles erros en aspectos de criterio. Por suposto, estes traballámolos tamén despois co técnico FEB responsable.

En verdade, as sensacións son moi boas, os compañeiros son moi competentes e atópome cómodo pitando con eles.

Neste terceiro día de competición, como colofón, tivemos a oportunidade de participar dunha interesante charla con Pedro Rocío, responsable arbitral FEB.”

21/03/16

“De novo a miña designación marcou encontro para as 15:30 h e, unha vez máis, considero que foi un bo partido, no que actuei moi compenetrado co meu compañeiro malia nunca ter pitado antes con el. Penso que o noso traballo pre partido, con charla incluída, foi clave.

O detalle negativo veu coa lesión do meu compañeiro, o que me fixo recordar a importancia do descanso e o rendemento físico. A carga de partidos e exixente nunha cita destras características. Persoalmente, e a excepción dunha pequena sobrecarga muscular nas costas, atopeime perfectamente. Agradecer dende aquí a asistencia do fisioterapeuta da expedición galega, Brais Seoane.

Ao remate deste encontro, actuei noutro como “stand by”, intre no que recibimos tamén os ánimos do Director Técnico CGAB, Miguel Ángel Pérez. Con el compartimos impresións.

E para rematar a xornada, chegaron as designacións para o día seguinte. Nas mesmas agardábame unha semifinal preferente masculina, cita na que se puña en xogo o ascenso a grupo especial. Un bo partido, estou seguro.”

22/03/16

De novo partido ás 15:30 h e repetindo sensacións positivas nun encontro no que ambos os equipos xogaron ao 100%, cuestión que permitiu arbitrar nas mellores condicións e seguir acumulando aprendizaxe.

O momento crucial deste #Mini2016 chegaría esta noite coas designacións definitivas. Tras saber que non teño ningún partido programado, felicito ao meu compañeiro Iván, o cal arbitrará a final preferente masculina. É un orgullo que Galicia teña representación nunha final na que, ademais, eu estarei realizando a tarefa de “stand by”.

23/3/16

“Pechamos o Campionato apoiando a Iván na súa final, na que fixo un gran traballo. En verdade, considero que ambos podemos regresar contentos e satisfeitos a Galicia. Penso que deixamos a arbitrase galega no máis alto que puidemos.

En resumo, foi un campionato xenial, disfrutei moito tanto do ambiente, como das arbitrases e compañeiros. Lévome na maleta, ademais dalgún que outro recordo material, unha experiencia máis e amigos para toda a vida aos que espero volver ver noutro campionato.

Agora volvemos á normalidade e a aplicar no noso Comité todo o que aprendemos aquí.”